

## **BANDO DA ALCALDÍA**

Celebramos un ano máis o Día das Letras Galegas que, nesta ocasión, lembra a figura e a obra de Manuel Lugrís Freire, que contribuiu dun xeito exemplar á conservación e á promoción do noso idioma.

Desde a súa institucionalización pola Real Academia Galega (RAG), da que o propio Manuel Lugrís foi membro fundador e presidente, o Día das Letras Galegas recupera cada ano unha figura senlleira das nosas letras. Manuel Lugrís, xornalista, poeta, dramaturgo, e investigador, participou na redacción do Primeiro Estatuto de Autonomía, na constitución das Irmandades da Fala e foi un dos patrocinadores da Escola Rexional de Declamación, ademais de ser fundador do primeiro xornal americano editado en galego, *A gaita gallega*.

Á parte de lembrar os nomes dos homes e mulleres que manifestaron un compromiso co noso país e coa nosa cultura, queremos que o día de hoxe sexa unha xornada de reflexión sobre a responsabilidade persoal e colectiva que nos corresponde na defensa do galego, pilar básico na conservación da nosa identidade, do noso xeito de ver e de describir o que nos rodea.

Desde a capital de Galicia, desde o Concello de Santiago, que se sente orgulloso de ser pioneiro no proceso de normalización lingüística, reiteramos o noso compromiso no desenvolvemento e apoio por cantas iniciativas contribúan á recuperación, preservación e enriquecemento da nosa lingua. Así mesmo, convidamos a todos os composteláns a asumir e aplicar este compromiso en todas as facetas da vida cotiá. Fagamos que o galego perdure “mil primaveras máis” dándolle forza co noso uso, pois nel radica o presente e o futuro do pobo galego.

Nas nosas mans está.

**Santiago de Compostela, 17 de maio de 2006**

**Xosé A. Sánchez Bugallo  
Alcalde de Santiago de Compostela**